



## Asociación Profesional de Bombeiros Forestais de Galicia

Antigo Grupo Escolar, Local 3

A Devesa, Codeseda, 36684 A Estrada, Pontevedra

Contacto: 689 394 934 – 609 734 398

Info@apropiga.org

### **ASUNTO: Nota de prensa ó respecto do incendio acontecido nunha nave industrial en Cotobade.**

Dende a asociación de bombeiros forestais de Galicia (Apropiga) queremos manifestar en primeiro lugar, ó respecto do acontecido no incendio que o pasado sábado arrasou unha nave industrial e unha vivenda no concello de Cerdedo-Cotobade, a nosa solidariedade cos afectados.

E no referente á polémica xurdida pola intervención dos bombeiros forestais da Xunta de Galicia que acudiron á zona do incendio, cremos necesario aclarar o seguinte:

1. O modelo de atención ás emerxencias en Galicia establecido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza non contempla a intervención dos bombeiros forestais dependentes da Consellería de Medio Rural neste tipo de actuacións a pesar de que a lei si que determina o noso carácter de corpo de emerxencias.

2. O Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE-112) dependente da Axega con sede na Estrada, non ten protocolizada a mobilización de bombeiros forestais para a atención a estas emerxencias, todo iso a pesar dos insistentes requerimentos feitos pola nosa parte de que se regulen os mecanismos para que sexa posible a nosa colaboración. Polo tanto, a chegada dos bombeiros forestais ó lugar do incendio acontecido na nave industrial de Cotobade debeuse á mobilización que se fixo dende o Centro de Coordinación de Distrito diante da posibilidade dun incendio forestal e non doutra cousa.

3. Unha vez chegados os medios ó lugar do incendio recibiron a orde de non intervir por parte do superior xerárquico seguindo os protocolos de actuación marcados inicialmente pola consellería de Medio Rural xa que non contemplan a intervención e incendios deste tipo. Os medios se retiraron parcialmente do incendio e optaron por permanecer nas inmediacións ata a chegada das dotacións de bombeiros do Consorcio e, posteriormente, ofreceron a súa colaboración en caso de ser necesario.

Polo tanto, dende Apropiga consideramos que:

- A actuación dos bombeiros forestais da Xunta de Galicia presentes no incendio foi acertada - independentemente de que a consideraran errada- xa que se limitaron a seguir as órdenes dos seus superiores xerárquicos e desobecer pode levar aparelado unha sanción disciplinaria ademáis das posibles responsabilidades en caso de accidente.

- Facemos responsables ás consellerías de “Medio Rural” e “Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza” de seguir excluindo ós bombeiros forestais da atención de emerxencias no rural, da súa formación e dotación de medios que nos permitan ser polivalentes nas nosas actuacións e máis útiles á sociedade. Esiximos que se fixen os protocolos de actuación coordinada con outros corpos neste tipo de actuacións, así como os necesarios cursos de formación e dotación de medios acordes ás actuacións a desenvolver.

- As consecuencias en caso de seguir co actual modelo de desconexión están á vista e cremos que deben corrixirse.